

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

18. REXISTRO DE DEPUTADAS E DEPUTADOS

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Consentimento para o tratamento dos datos persoais para un ou varios fins específicos (art. 6.1.a do RXPDP).

Cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.c., e. do RXPDP).

Regulamento do Parlamento de Galicia.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

FINS

Xestión das bases de datos das deputadas e deputados, nas que se inclúen, entre outros, datos biográficos, afiliación política e a súa declaración de bens e actividades, e a publicación de determinados datos na páxina web do Parlamento de Galicia e no seu Boletín Oficial.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Deputadas e deputados.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, e número da Seguridade Social, enderezo electrónico. Sinatura electrónica. Imaxe.

Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, lugar de nacemento, idade, sexo e nacionalidade. Tarxeta sanitaria. Circunstancias sociais, profesionais.

Datos de detalles profesionais: Datos académicos, formación, traxectoria profesional.

Datos económicos e de seguros: ingresos/rendas, datos bancarios, plans de pensións/xubilación, datos económicos de nómina, datos de deducións impositivas/impostos e seguros. Datos patrimoniais.

Categorías especiais de datos: datos de saúde (grao de discapacidade) , aos exclusivos efectos de garantir a accesibilidade. Datos de afiliación política e sindical.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal comunicaranse, para o cumprimento dos fins descritos ou cando estea estipulado legalmente (prestacións sociais de ser o caso, AEAT...), a entidades bancarias, á Seguridade Social, beneficiarios das pólizas de seguro e de

accidentes e o plans de previsión social empresarial que, no seu caso, sexan designados expresamente polos deputados e deputadas. Asemade comunicaranse á compañía de transporte ferroviario coa que dispoña de acordo de xestión o Parlamento cara ao desprazamento dos membros da cámara no territorio galego.

O nome, apelidos e fotografía das e dos Deputados serán publicados na páxina web, así como os datos políticos e biográficos autorizados expresamente. So se publicarán se existe un acordo expreso da Mesa do Parlamento no ámbito das súas respectivas competencias.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse de maneira indefinida con fins de arquivo. Será de aplicación o disposto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.